



DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:

- técnico superior de organización e mantemento maquinaria e buques e embarcacións.
- técnico en navegación e pesca de litoral.
- técnico en aproveitamento e conservación do medio natural.
- técnico en operacións subacuáticas e hiperbáricas.
- técnico en vídeo, disc-jockey e son.
- técnico superior en transporte e loxística.
- técnico superior en acuicultura.
- técnico superior en marketing e publicidade.
- técnico en mantemento e control de maquinaria de buques e embarcación.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 11 de decembro de 2013, emite o seguinte ditame en relación cos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao medio e superior de nove novos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.

1. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que desdobre os grupos de formación profesional que superen os 20 alumnos e alumnas, sobre todo naqueles que resulten perigosos para o alumnado e profesorado, no tocante a manexo de produtos ou aparellos de risco. Nesta rateo debe contar o alumnado repetidor.
2. Así mesmo, recoméndalle que se adopten as medidas adecuadas para adaptar os centros e equipamentos á posta en marcha dos títulos de formación profesional que emanan da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
3. Para todos os decretos propónse a inclusión dunha disposición transitoria segunda co seguinte texto: **“A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria contemplará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación destes novos currículos”**.



4. Por último, propón un texto de substitución para o artigo 13º dos proxectos de decreto de ciclos formativos de grao superior. O texto quedaría como segue:
“Terá preferencia para acceder a este ciclo formativo o alumnado que cursara a modalidade de bacharelato de ciencias e tecnoloxía, o bacharelato científico ou o bacharelato tecnolóxico”.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2013

O Secretario

Jóse Alejo Losada Aldrey

V. e pr.

O Vicepresidente



Fernando del Pozo Andrés